

### **Taller 3: Ideas para un novo plan de traballo para desenvolver o artigo 6 da Convención Marco de Nacións Unidas sobre o Cambio Climático (CMNUCC)**

Neste taller presentouse información sobre o artigo 6 da CMNUCC, dedicado ao acceso á información, a sensibilización pública, a educación, a formación, a participación pública en materia de cambio climático, a cooperación nestas áreas de traballo. Tamén se presentou o Plan de traballo que desenvolve este artigo da Convención (Plan Delhi) e os seus logros principais así como o proceso actualmente en marcha para a definición dun novo plan que poida substituír ao citado.

Os participantes apuntaron nas súas intervencións:

- A necesidade de realizar un maior esforzo divulgativo en relación co artigo 6 e o Plan Delhi.
- A importancia de enviar información sobre as iniciativas desenvolvidas en materia de formación e sensibilización á web do artigo 6 (CC:iNet), situada na páxina da Convención (unfccc.int).
- O interese de facilitar, no ámbito da Unión Europea, encontros entre expertos en relación cos temas contemplados no artigo 6.
- O seu interese en coñecer iniciativas desenvolvidas noutros países nestes campos.

Respecto ao novo plan que eventualmente substitúa ao actual Plan Delhi, expúxose:

- A importancia de promover a incorporación dos temas relativos ao cambio climático no currículo dos ensinos formais.
- A necesidade de reforzar os mecanismos de avaliación do Plan.

Outras ideas de interese xurdidas nos debates:

- As liñas que veñen desenvolvido tradicionalmente no campo da educación ambiental (por exemplo sobre auga, enerxía, residuos, espazos naturais...) resultan de gran interese en relación co cambio climático. Hai que enfocar os esforzos en conectalas mellor cos retos que expón o cambio climático, no canto de refugasas.
- Outro tema crave a desenvolver é o dos modelos territoriais. Hai que pór en dúbida o crecemento difuso e o urbanismo salvaxe e promover fórmulas de urbanismo máis sostibles.
- Apréciase unha crecente sensibilización cidadá en materia de cambio climático. Con todo, se non se expón camiños de cambio reais, a sensibilidade pode xerar unha perigosa frustración na xente.
- A xente, unha vez sensibilizada, necesita axudas concretas para acometer os cambios. A educación ambiental debería plantexarse “acompañar” o cambio.
- O noso obxectivo non pode ser converter aos cidadáns en “expertos” en cambio climático.
- É necesario intensificar os esforzos de sensibilización e formación en destinatarios clave como medios de comunicación e administracións públicas (especialmente administracións locais e departamentos diferentes aos de medio ambiente).

- Hai que elaborar materiais flexibles, adaptables e compartilos entre diferentes organizacións. Pódese evitar así duplicar esforzos de xeito innecesario.

Algunhas ideas para futuros talleres no marco do seminario:

- Participación pública en plans de mitigación e adaptación.
- A integración do cambio climático nalgunhas das liñas de traballo “clásicas” da educación ambiental (auga, enerxía, residuos...)
- Avaliación de materiais educativos sobre cambio climático.
- Inventariado de iniciativas e materiais.